

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

*ACORDO do 23 de novembro de 2020 polo que se anuncia o trámite de competencia de proxectos relativo á solicitude presentada por Seafood Legacy Spain, S.L.U. dunha concesión administrativa no porto de Burela.*

A entidade Seafood Legacy Spain, S.L.U. solicitou a Portos de Galicia unha concesión administrativa no dominio público portuario do porto de Burela con destino a construción dunha planta tecnolóxica de cría de salmón.

En cumprimento dos artigos 68 e 70 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, faise público para que nun prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no *Diario Oficial de Galicia* poidan presentarse outras solicitudes que teñan o mesmo ou distinto obxecto que aquela, debendo reunir os requisitos previstos no artigo 61 da citada Lei 6/2017.

A continuación, defínense expresamente os criterios de valoración das propostas, tendo en conta que a valoración máxima de cada proposta serían 100 puntos e que, en caso de igualdade de puntuación, se terá en conta a orde na presentación:

1. Posible captación de tráfico: valorarase con 30 puntos sobre 100, outorgando a máxima puntuación á proposta co máximo valor (en Tn) de captación de tráfico portuario por vía marítima, 0 puntos á proposta con menor valor de captación de tráfico portuario e interpolando de maneira lineal o resto delas.

2. Rendibilidade e taxas portuarias: valorarase con 30 puntos sobre 100, outorgando a máxima puntuación á proposta co máximo valor de taxa de ocupación do dominio público portuario (TODP), considerando a superficie e uso que se vai desenvolver nela e 0 puntos á proposta co menor valor e interpolando de maneira lineal o resto delas.

3. Interese portuario e adecuación á planificación portuaria usos portuarios: segundo o punto 5.3.5 da DEUP do porto de Burela vixente, no que se definen as actividades complementarias compatibles na zona obxecto do trámite de competencia, asignaranse as seguintes puntuacións ás propostas:

3.1. 20 puntos sobre 100 a aquelas propostas que desenvolvan usos complementarios pesqueiros vinculados directamente coa actividade portuaria como: cetarias, viveiros, acuí-cultura transformación e manipulación da pesca, avituallamento, comercial e distribución.



3.2. 10 puntos sobre 100 a outros usos complementarios vinculados directamente coa actividade portuaria como: almacéns, construción e reparación naval e os seus subministracións, efectos navais.

3.3. 5 puntos sobre 100 a outros usos complementarios como: ocio e hostalaría, aparcadoiros ou outros.

3.4. 0 puntos a calquera outra actividade.

4. Investimento: valorarase con 15 puntos sobre 100, outorgando a máxima puntuación á proposta co máximo valor, 0 puntos á proposta co menor valor e interpolando de maneira lineal o resto delas.

5. Explotación e coordinación co resto de operacións portuarias: valorarase con 5 puntos sobre 100, outorgando a máxima puntuación a aquelas propostas que xustifiquen adecuadamente que desenvolverán actividades na zona de servizo do porto que presten servizo, supoñan sinerxías ou demanden servizos doutros usuarios ou industrias existentes do porto, e 0 puntos a aquelas que pola súa natureza desempeñen actividades que requiran algún tipo de coordinación co resto de actividades no porto.

As solicitudes poderán presentarse mediante o formulario PR004A da sede electrónica da Xunta de Galicia, dirixidas á Área de Explotación e Planificación. O plano de localización da concesión solicitada atópase á disposición do público para o seu exame na páxina web [www.portosdegalicia.es](http://www.portosdegalicia.es), na epígrafe de «Comunicacións e avisos» e dentro de «Procesos de información pública».

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2020

Susana Lenguas Gil  
Presidenta de Portos de Galicia

